

Desamarmos
o capitalismo
O amor como acción
política

Lann Hornscheidt

Tradución e prólogo de María Reimóndez



catroventos
EDITORA

9	O amor como escolla reflexionada e porosa María Reimóndez
17	Introdución
25	O amor por enriba das fronteiras O amor na raia Amar e non de_límitar
39	As lóxicas familiares violentas e o «amor»
41	A violencia no sistema familiar
46	O amor como relacións familiares
50	O sistema familiar como violencia
55	Amor de parella e heterorromanticismo
57	A obsesión con ter parella como mandato e compulsión
64	Normas heterorrománticas
72	O amor malfadado e a trans_ formación do amor en normalidade
81	«E entón fixeron o amor»: a complexa «relación» entre amor e sexualidade
91	Que ten que ver o amor co sexo?
98	Interiorización de ideas de sexualidade sexistas
104	Trans_cender/mitir e re_descubrir a sexualidade ex_énero e non-binaria acorpada
107	A sexualidade como proba de amor ou da súa carencia: visións dun acorpar novo
115	Textos de acompañamento, referencia e inspiración

Introducción

Nas sociedades occidentais dáse por sentado que o amor é algo positivo. O amor é propósito e sentido vital, unha postura e o que a maioría das persoas desexan para a vida propia: amar e, aínda máis, *ser amadx* é unha das normas connotadas positivamente pola sociedade. É grazas ao amor e por medio del que as persoas experimentan intimidade; arelan «o» amor doutras, buscan o amor e atopan «no» amor realización e felicidade. O amor é algo que debe «terse», recibirse e vivirse como requisito imprescindible para unha vida plena e feliz. A idea do que se entende por amor, o que se interpreta e vive, sente e desexa como tal, non existe alén das situacións históricas, xeográficas e sociais concretas nas que se atopan as persoas. Forma parte do canon de valores e da concretización da sociedade na que estas viven. A idea do amor, entendido de forma incuestionable como valor e sentimento, organiza relacións sociais e persoais que o estado controla e institucionaliza; determina que se refuguen ou que se aspire a certas imaxes do eu e dx outrx; establece éticas; é a pauta para valorar o comportamento propio e alleo. Establécense deste xeito estruturas sociais como o *matrimonio* ou outras formas de emparellamento e lexitímanse comportamentos e a miúdo tamén a violencia. «Pero non ves que te quero!», «é o xeito que el ten de amosarcho».

O amor, polo tanto, é unha especie de cerna que non se cuestiona e ao redor da cal se constrúen ideas de moral e valores individuais que se insiren na estrutura social, ademais de nas accións e sentimentos propios. Así, os valores normalízanse dentro destas estruturas, que ao tempo tamén se re_producen deste xeito. Nunha sociedade capitalista, o amor non está alén das normas e das ideas do capitalismo, senón que forma parte importante da súa materialización e aplicación. O amor está marcado polo capitalismo e recapitalízase de xeito constante

na sociedade. Recoñecer todo isto na autopercepción é moi complicado e provoca moito medo precisamente porque as persoas a miúdo entenden o amor como un refuxio da vida privada que existe fóra das estruturas de poder violentas. «Sempre nos quedará o amor!». Neste caso, o amor enténdese como un sentimento propio, auténtico, que existe máis alá de todas as estruturas: o amor é o refuxio privado emocional fronte a un mundo hostil e capitalizado. A percepción e produción constante do amor como un polo oposto a un espazo público ameazante ou incompreensible ante o cal as persoas a miúdo se senten impotentes fan aínda máis complicado contemplar o amor como unha parte máis deses mecanismos de poder dominantes e estruturas de violencia. Ao percibir o amor como algo «simplemente positivo», puro e correcto, como sentimento e unha cuestión privada, fíltrase a substancia esvaradía e líquida da violencia estrutural na experiencia individual propia até impregnalo todo. A violencia convértese nun tecido que non se pode resecar xa facilmente, do que non se poden desenmarañar os propios sentimentos e experiencias, que non pode identificarse claramente como algo «externo». Non hai posicións que estean alén ou «fóra» das estruturas de violencia. A violencia como estrutura é un armazón tan integral das sociedades capitalistas que non é doado abandonala: tamén as emocións e as arelas están inmersas en relacións de poder e violencia que ao tempo as re producen.

Algúns elementos fundamentais para crear a ilusión de que o amor é simplemente algo que está aí, algo bo e natural, son:

A división entre o público e o privado

A división entre o público e o privado nas sociedades europeas occidentais non se pode desensarillar do desenvolvemento da sociedade burguesa, que é unha das bases das sociedades capitalistas. Un elemento central da produción dicotómica do público e do privado ten que ver tamén coa perpetuación dun modelo de binarismo de xénero que organiza as dúas esferas en pública («home») e privada («muller»). Esta naturalización do binarismo de xénero afecta tamén a división

entre emoción e razón na que os sentimentos pertencen ao feminino e ao resto de posicións discriminadas estruturalmente, e a razón, á masculinidade e *branquitude*, así como a outras posicións de privilexio. Ademais da centralidade do binarismo de xénero para a creación da sociedade capitalista, esta tamén se basea na perpetuación do racismo (colonial) e do clasismo. Mesmo se estas normas referidas ás emocións e á razón e ao binarismo de xénero se foron flexibilizando co tempo, seguen prevalecendo como modelo de pensamento.

Centrar o amor no ámbito privado

O amor como actitude vital, desexo e degoiro tamén se converteu nun aspecto do privado e como tal fundamenta a vida das «mulleres» dentro do modelo social anquilosado do binarismo de xénero: as persoas mullerizadas son responsables do traballo dos coidados, son o descanso dos homes que actúan no ámbito público, son responsables de dar cariño, do «traballo emocional dentro da parella». Mesmo cando as persoas a nivel individual deciden non asumir estes papeis deste xeito, non poden deixar de referirse a eles constantemente: deben lexitimar a súa desviación destes modelos sociais ou, se non, asumir que as interpelarán ao respecto. O amor é un asunto privado que determina ou debe determinar o espazo privado, que se busca ou arela neste como base para unha existencia no público. A separación público/privada rara vez é interrogada, igual que non o son o contido e a calidade do amor como asunto privado. Deste xeito, a acción de amar vese desposuída do seu potencial político: amar como acción política tórnase inimaxinable, fica alén do eido do intelixible. Os grupos que loitan contra a discriminación tematizan esta cuestión repetidamente e de xeitos diferentes, por exemplo, con slogans como *o persoal é político*. Igual que un regreso ao privado agocha un gran perigo para a participación na configuración da sociedade dende a responsabilidade política, a representación exclusivamente privada do amor ten como resultado unha despolitización capitalista moi potente.

A idea de que o amor é un sentimento e non unha acción

Na absolutización da normalidade social capitalista, o amor cada vez se reduce máis a un sentimento que «simplemente» está aí, que se sente e á mercé do que se está. O sentimento do amor redúcese á cerna auténtica do ser humano, independentemente de influencias culturais ou sociais; a algo desligado do control racional. O amor constitúe así un polo oposto ao pensamento racional; é amplo e profundo e ao mesmo tempo mistifícase como incompreensible. O amor acaba sendo un sentimento indiscutible e con vida propia que posúe ou pode posuír as persoas, que, sen pensalo, «simplemente», senten. Unha parte da lóxica capitalista consiste en deixar de percibir a constitución social dos sentimentos para convertelos nun obxecto: un «sentimento». Pola contra, eu entendo sentir como unha acción política que as persoas poden configurar, como unha forma de actuar propia e non como algo que me sobrevén ou que depende doutrxs. No capitalismo, o amor como sentimento, como obxecto, pode consumirse e adquirirse. A representación do amor como promesa de felicidade, segundo o expresou Sarah Ahmed (2010), despolitiza o amor. O que a sociedade produce como amor implica arredarse do amor como acción. No capitalismo, a individualidade entendida como a diferenciación e separación entre o eu e xs demais e o mundo alicerza o consumo como satisfacción de desexos continua e nunca alcanzable. A idea do amor como obxecto consumible só ten sentido no marco dun individuo separado de todo e de todxs. Amar como acto político, pola contra, implica saír da lóxica capitalista, pois a acción amorosa non precisa de consumo nin de premisas capitalizables. Máis ben ao contrario: o amar político escapa ás lóxicas do consumo e pon en cuestión deste xeito as propias bases do capitalismo.

Neste libro, entendo o capitalismo como a priorización total da economía e dos intereses económicos como ben común e obxectivo social, así como como unha metáfora central para todas as áreas da vida,

ademais da propagación e creación da crenza de que «o mercado» se regula por si mesmo e que debería dominar todos os ámbitos da vida sen restricións. O capitalismo amosa a súa aparente inevitabilidade na priorización integral do monetario como valor e obxectivo en si mesmo e na taxación da vida mediante lóxicas financeiras, na transferencia de ideas económicas a todos os campos discursivos, así como na normalización das lóxicas de rendemento e competencia e, en consecuencia, de delimitación. Amar como forma de acción política arrédase destas lóxicas autoevidentes referidas a valores, ideas e pseudoética. Amar é algo que non pode venderse, que non pode trocarse en valor monetario, no que non se pode investir a longo prazo. Identifícome coa crítica xeral á lóxica capitalista do colectivo Haus Bartleby, que sobre todo intenta interrogar a normalización da lóxica do traballo no capitalismo. Na introdución ao volume *Sag alles ab!* escriben:

Negámonos a que nos sigan facendo corresponsables do desastre económico, ecolóxico e ético. O capitalismo ten unha débeda enorme en todos os campos. Non temos vontade de contribuír a esta desfeita entregando as nosas vidas. (2015, 10)

No mesmo volume, Martin Nevoigt indica:

Nunha sociedade na que todas as actividades se pagan, ou non se pagan en absoluto, dependendo de se producen un valor engadido financeiro, no canto de pagar por produciren un «valor engadido» para as necesidades humanas ou a favor do bo vivir, o único que importa é ser funcional. Todo está organizado deste xeito e, polo tanto, acaba impregnando a vida privada. A crianza, a familia, as relacións amorosas oriéntanse a gardar as aparencias, a seren funcionais cara a fóra e a que «paguen a pena». (2015, 38)

O capitalismo non se detén ante o amor, senón que o despolitizou reducíndoo a unha cuestión privada. Des_amar o capitalismo significa, polo tanto, repolitizar o amor. Para iso, cómpre comprender como se despolitizou o acto de amar até reduciilo ao obxecto «amor». Investigo a capitalización do amor nas ideas sociais centrais nas que o amor

sempre se invoca e produce como obxecto. Para podermos reapropiar de amar como acción política, debemos des_amar o capitalismo, arrebatarlle o amor xunto cos seus axustes e reducionismos. Isto é algo que identifico, por exemplo:

- No concepto das fronteiras: como parte das ideas convencionais do amor, así como no caso dos estados nación
- Nas ideas de amor relacionadas co parentesco, no amor da familia, no amor de mai
- Nas ideas románticas do amor heteronormativo de parella
- Nas ideas do sexo como expresión central do amor

Neste libro debato as interpretacións e lecturas tradicionais principais do amor e críticoas no contexto do «amor como acción política». Este libro axuda a comprender até que punto as ideas do amor están despolitizadas e influídas polo capitalismo. Pode así axudar a revisar de forma crítica (amorosamente) os propios padróns e percepcións e, deste xeito, ir impulsando cambios cara ao acto de amar como acción política.

Amor de parella e heterorromanticismo⁶

⁶ Tomo o termo *heterorromanticismo* do traballo de fin de mestrado de K. Lingenhöl.

o consumo, e por iso cada vez máis o Nadal pseudosecularizado se vai convertendo nun festival de consumo excesivo de resaibo rancio, disparado en fogos de fin de ano e propósitos dun aninovo no que todo será diferente e mellor, porque entón _____.

A obsesión coa parella como soporte social

Nunha sociedade na que cada vez máis semella que se pode escoller todo libremente, na que xa non existen constantes fixas, senón que todo semella deconstruíble e interrogable, a naturalización do amor e a obsesión coa parella típica das sociedades occidentais constitúen un apoio e unha seguridade, ademais de ancorar o coidado social na emocionalidade. Laurie Penny (2014) tentou conceptualizar estes aspectos dun entendemento capitalista do «amor» apoñéndolle á palabra a marca de propiedade rexistrada: Love®.

Por que pensan as persoas que aman «naturalmente», que o amor existe «naturalmente», que «naturalmente» a maioría das persoas querían vivir en relacións de parella? Por que a xente deixa isto fóra das súas reflexións sobre como absolutamente todo é construído? Por que se establece precisamente aí a fronteira que delimita os temas sobre os que a xente reflexiona e sobre os que non? Ten isto que ver co soporte que dá ou promete dar a asunción da relación de parella como forma básica e constante de emocionalidade na vida propia?

O binarismo de xénero como prerrequisito para a estrutura de parella: a heter@ e homonormatividade

As imaxes romantizantes que describín antes están tamén marcadas por un claro binarismo de xénero. As ideas básicas son heter@normativas: o masculino e o feminino como polos complementarios. Na actualidade, estas imaxes fóronse ampliando e complementando con parellas do mesmo xénero cando se dá un comportamento estable en canto a roles e cando estas cumpren coas ideas heter@normativas do

que é unha parella «de verdade»: vínculo mutuo e estable, compromiso coa outra persoa, exclusividade, de longa duración, cando non eterna. As ideas homonormativas suplementan neste caso as heter@normativas sen poñer en cuestión os seus puntos centrais. A idea da parella e a idea da sexualidade como momento de acción central da reafirmación identitaria do eu e dx outrx mantéñense nos dous casos como requisitos previos e refórzanse de xeito aínda máis potente. As políticas marondas, cuir e non-binarias non só dinamitan as ideas do xénero a nivel individual, senón as de como poderían ser e vivirse as constelacións de relacións íntimas.

Cales son as imaxes de sexualidade como forma de expresión e medio de comunicación das persoas cando estas non se definen polo xénero ou polo binarismo de xénero, cando non se entenden nin como muller nin como home? Que efectos ten isto nas representacións de amar? O espazo libre sen referentes que experimentan as persoas ex_eneradas cando ousan non seguir o padrón de papeis de xénero binario é un campo de acción política enorme, con posibilidades de re_definir e re_vivir a acción de amar. No seguinte capítulo debullo aínda máis o papel e as ideas convencionais de sexualidade como forma de mediar o amor.

Autoavaliación sobre a felicidade en parella

Comeza cunha reflexión aberta sobre as seguintes preguntas:

Cantas parellas felices coñeces?

Cantas parellas felices que leven xuntas polo menos 5 anos;
polo menos 10 anos?

Que é o que che dá idea de felicidade nestes casos? Como determinas a súa felicidade?

E como determinas que unha parella non é feliz?

Como imaxinas ti mesma a felicidade en parella?

Que conforma a felicidade de parella?

Son momentos concretos esporádicos que se repiten? Ou é un estado permanente, unha base, algo que está aí, sen máis?

Pode notarse a felicidade?

Até que punto é a felicidade algo que acontece entre outra persoa e mais eu, por exemplo, estar feliz de amor?

Até que punto é algo que sinto un momento, un minuto ou para nada, ou máis ben un estado case imperceptible?

Agora podes comezar a escribir ideas e asociacións tomando como punto de partida as seguintes preguntas:

Cando fun/son feliz nunha relación con outra persoa?

Que situacións se me ocorren (dun momento, minuto, día, máis tempo)?

Se queres, anota unha situación ou máis destas e reflexiona sobre elas: en que notaches que eras feliz? Cando? (Durante o momento? Logo?)

E matina sobre até que punto poderías cambiar os teus actos (sociais) un chisco para sentir máis destes momentos de felicidade, con que persoas ou en que situacións; algo que pode, mais non ten por que ser, no formato de parella.
